

## INFORME DE AUDITORÍA DE CONTAS ANUAIS DE PEMES EMITIDO POR UN AUDITOR INDEPENDENTE

Aos accionistas da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. por encargo da Dirección,

### Opinión

Auditáronse as contas anuais de PEMES adxuntas da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., (a Sociedade), que comprenden o balance de PEMES a 31 de decembro de 2020, a conta de perdas e ganancias de PEMES e a memoria de PEMES, correspondentes ao exercicio rematado na dita data.

Na nosa opinión, as contas anuais de PEMES adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., a 31 de decembro de 2020, así como dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual rematado na data sinalada, de conformidade e co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación (que se identifica na nota 2 da memoria de PEMES) e, en particular cos principios e criterios contables contidos neste.

### Fundamento da opinión

Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España. As nosas responsabilidades de acordo coas ditas normas descríbense máis adiante na sección Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais de PEMES do noso informe.

Somos independentes da Sociedade de conformidade cos requirimentos de ética, incluídos os de independencia, que son aplicables á nosa auditoría das contas anuais de PEMES en España segundo o esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas. Neste sentido, non prestamos servizos distintos aos da auditoría de contas nin concorreron situacións ou circunstancias que, de acordo co establecido na citada normativa reguladora, afectasen á necesaria independencia de modo que se viu comprometida.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión.

## **Aspectos máis relevantes da auditoría**

Os aspectos máis relevantes da auditoría son aqueles que, segundo o noso xuízo profesional, foron considerados como os riscos de incorrección material máis significativos na nosa auditoría das contas anuais de PEMES do período actual. Estes riscos foron tratados no contexto da nosa auditoría das contas anuais de PEMES no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre estas, e non expresamos unha opinión por separado sobre eses riscos.

### Subvencións de capital

#### Descrición do aspecto relevante

Como consecuencia dos investimentos realizados en inmovilizado, a Sociedade recibiu unha serie de subvencións de capital e de préstamos con xuros subvencionados de importe significativo. Esta área, en consecuencia, considerámola como susceptible de riscos máis significativos, debido aos importes relevantes involucrados e a subxectividade das valoracións para realizar, especialmente no relativo aos préstamos subvencionados.

#### Resposta do auditor

Os procedementos de auditoría levados a cabo consistiron nos seguintes: Entendemento do procedemento e criterio seguido pola Dirección da Sociedade para o recoñecemento e imputación de subvencións, verificación do correcto rexistro das subvencións e préstamos e da adecuada imputación temporal na conta de resultados; comprobación da adecuada afectación ao patrimonio polos importes levados a resultados; revisión da correcta afectación do imposto asociado con estas subvencións e comprobación de que a información revelada na memoria de PEMES é adecuada.

### **Responsabilidade do Consello de Administración en relación coas contas anuais de PEMES**

O Consello de Administración é responsable de formular as contas anuais de PEMES adxuntas, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais de PEMES libres de incorrección material, debida a fraude ou erro.

Na preparación das contas anuais de PEMES, o Consello de Administración é responsable da valoración da capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo corresponda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento agás se o Consello de Administración ten intención de liquidar a sociedade ou de cesar as súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

## **Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais de PEMES**

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais de PEMES no seu conxunto están libres de incorrección material, debida a fraude ou erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade pero non garante que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e considéranse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que influan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais de PEMES.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España, aplicamos o noso xuízo profesional e mantemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda a auditoría. Tamén:

- Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais de PEMES, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría para responder aos devanditos riscos e obtemos evidencia de auditoría suficiente e adecuada para proporcionar unha base para a nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida a fraude é máis elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, xa que a fraude pode implicar colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erróneas, ou a elusión do control interno.
- Obtemos coñecemento do control interno relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan adecuados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.
- Avaliamos se as políticas contables aplicadas son adecuadas e a razoabilidade das estimacións contables e a correspondente información revelada polo Consello de Administración.
- Concluimos sobre se é adecuada a utilización, polo Consello de Administración, do principio contable de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poden xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da Sociedade para continuar como empresa en funcionamento. Se concluimos que existe unha incerteza material, requírese que chamemos a atención no noso informe de auditoría sobre a correspondente información revelada nas contas anuais de PEMES ou, se as ditas revelacións non son adecuadas, que expresemos unha opinión modificada. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría. Con todo, os feitos ou condicións

futuros poden ser a causa de que a Sociedade deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais de PEMES, incluída a información revelada, e se as contas anuais de PEMES representan as transaccións e feitos subxacentes dun modo que logran expresar a imaxe fiel.

Comunicámonos co Consello de Administración da entidade en relación con, entre outras cuestións, o alcance e o momento de realización da auditoría planificados e os achados significativos da auditoría, así como calquera deficiencia significativa do control interno que identificamos no transcurso da auditoría. Entre os riscos significativos que foron obxecto de comunicación ao Consello de Administración da entidade, determinamos os que foron da maior significatividade na auditoría das contas anuais de PEMES do período actual e que son, en consecuencia, os riscos considerados máis significativos.

Descubrimos eses riscos no noso informe de auditoría salvo que as disposicións legais ou regulamentarias prohiban revelar publicamente a cuestión.

Audita2 Pradilla, S.L.P. (ROAC S.2.110)



Patricia Fernández de la Pradilla Meijide (ROAC 20.454)  
Socio-auditor de contas

30 de marzo de 2021

**PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA S.A.**










**CONTAS ANUAIS DE PEMES**

**EXERCICIO 2020**

PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.  
BALANCE DE SITUACIÓN DE PEMES AO 31 DE DECEMBRO DE 2020 E 2019

ACTIVO	Nota Memoria	2020	2019
<b>A) ACTIVO NON CORRENTE</b>		<b>8.725.746,10</b>	<b>11.120.561,94</b>
I. Inmobilizado intanxible	4.1.	28.682,20	28.244,09
II. Inmobilizado material	4.2.	1.091.248,50	1.329.064,81
III. Investimentos Inmobiliarios	4.3.	6.914.332,94	9.713.438,24
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas		0,00	0,00
V. Investimentos financeiros a longo prazo	5	5.637,49	5.637,49
VI. Activos por Imposto diferido	8	656.393,43	0,00
VII. Debedores comerciais non correntes	5.3	29.451,54	44.177,31
<b>B) ACTIVO CORRENTE</b>		<b>2.471.960,51</b>	<b>2.511.877,83</b>
I. Existencias		0,00	0,00
II. Debedores comerciais e outras contas a cobrar	10.4	239.039,69	750.127,01
1. Clientes por vendas e Prestacións de servizos		60.251,07	70.242,07
a) Clientes por vendas e prestacións de servizos a longo prazo		0,00	0,00
b) Clientes por vendas e prestacións de servizos a curto prazo		60.251,07	70.242,07
2. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos		0,00	0,00
3. Outros debedores		178.788,62	679.884,94
III. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo		0,00	0,00
IV. Investimentos financeiros a curto prazo	5.4	0,00	0,00
V. Periodificacións a curto prazo		-501,55	1.540,62
VI. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	10.5	2.233.422,37	1.760.210,20
<b>TOTAL ACTIVO (A + B)</b>		<b>11.197.706,61</b>	<b>13.632.439,77</b>

Data de formulación: 29 de marzo de 2021.










 D. Francisco Conde López	 Dª. Patricia Argrey Vilar R.P.F. ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 Dª. María José Mariño Fontenla R.P. F. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
 Dª. Iria Santodomingo Foulquie R.P.F. VIBARCO S.L.	 Dª. Cristina María Cobas Romay R.P.F. TORRE DE HÉRCULES PARTICIPACIONES SOCIETARIAS SL	 D. José Lino Comesaña Calvo R.P.F. CORPORACIÓN EMPRESARIAL DE TENENCIA DE ACTIVOS DE GALICIA S.L.U.
 D. Rosendo Luís Fernández Fernández R.P.F. INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	 D. Fernando Guldrís Iglesias R.P.F. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	 D. Ángel Piñeiro Nogueira Secretario non conselleiro

Significado das siglas R.P.F. : Representante Persoa Física do conselleiro persoa xurídica.

**PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.**  
**BALANCE DE SITUACIÓN DE PEMES AO 31 DE DECEMBRO DE 2020 E 2019**

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Nota Memoria	2020	2019
<b>A) PATRIMONIO NETO</b>		<b>7.882.723,18</b>	<b>9.884.487,89</b>
<b>A-1) Fondos propios</b>	7	<b>2.708.745,53</b>	<b>3.038.153,61</b>
<b>I. Capital</b>		<b>1.806.035,05</b>	<b>1.806.035,05</b>
1. Capital escriturado		1.806.035,05	1.806.035,05
2. (Capital non esixido)		0,00	0,00
<b>II. Prima de emisión</b>		<b>510.669,95</b>	<b>510.669,95</b>
<b>III. Reservas</b>		<b>721.448,61</b>	<b>644.929,78</b>
1. Reserva de capitalización		0,00	0,00
2. Outras reservas		721.448,61	644.929,78
<b>IV. (Accións e participacións en patrimonio propias)</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>V. Resultados de exercicios anteriores</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>VI. Outras achegas de socios</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>VII. Resultado do exercicio</b>		<b>-329.408,08</b>	<b>76.518,83</b>
<b>VIII. (Dividendo a conta)</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A-2) Axustes en patrimonio neto</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos</b>	10.3.	<b>5.173.977,65</b>	<b>6.846.334,28</b>
<b>B) PASIVO NON CORRENTE</b>		<b>2.268.849,18</b>	<b>3.218.111,86</b>
<b>I. Provisións a longo prazo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>II. Débedas a longo prazo</b>	6	<b>544.145,36</b>	<b>935.955,79</b>
1. Débedas con entidades de crédito.		0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro		0,00	0,00
3. Outras débedas a longo prazo		544.145,36	935.955,79
<b>III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>IV. Pasivos por imposto diferido</b>		<b>1.724.703,82</b>	<b>2.282.156,07</b>
<b>V. Periodificacións a longo prazo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>VI. Acredores comerciais non correntes</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>VII. Débedas con características especiais a longo prazo</b>		<b>0,00</b>	<b>0,00</b>

Data de formulación: 29 de marzo de 2021.










 D. Francisco Conde López	 Dª. Patricia Argeroy Vilar R.P.F. ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 Dª. María José Mariño Fontenla R.P.F. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
 Dª. Iria Santodomingo Foulque R.P.F. VIBARCO S.L.	 Dª. Cristina María Cobas Romay R.P.F. TORRE DE HÉRCULES PARTICIPACIONES SOCIETARIAS SL	 D. José Lino Comesaña Calvo R.P.F. CORPORACIÓN EMPRESARIAL DE TENENCIA DE ACTIVOS DE GALICIA S.L.U.
 D. Rosendo Luis Fernández Fernández R.P.F. INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	 D. Fernando Guldrís Iglesias R.P.F. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	 D. Ángel Piñeiro Nogueira Secretario non conselleiro

Significado das siglas R.P.F. : Representante Persoa Física do conselleiro persoa xurídica.

**PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.**  
**BALANCE DE SITUACIÓN DE PEMES AO 31 DE DECEMBRO DE 2020 E 2019**

PATRIMONIO NETO E PASIVO	Nota Memoria	2020	2019
<b>C) PASIVO CORRENTE</b>	<b>6</b>	<b>1.046.134,25</b>	<b>529.840,02</b>
I. Provisións a curto prazo		0,00	0,00
II. Débedas a curto prazo		428.949,45	411.936,49
1. Débedas con entidades de crédito		0,00	0,00
2. Acredores por arrendamento financeiro		0,00	0,00
3. Outras débedas a curto prazo		428.949,45	411.936,49
III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo		0,00	0,00
IV. Acredores comerciais e outras contas a pagar		617.184,80	117.904,10
1. Provedores		0,00	0,00
a) Provedores a longo prazo		0,00	0,00
b) Provedores a curto prazo		0,00	0,00
2. Outros acredores.		617.184,80	117.904,10
V. Periodificacións a curto prazo		0,00	-0,57
VI. Débeda con características especiais a curto prazo		0,00	0,00
<b>TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B + C)</b>		<b>11.197.706,61</b>	<b>13.632.439,77</b>

Data de formulación: 29 de marzo de 2021.

 D. Francisco Conde López	 Dª. Patricia Argorey Vilar R.P.F. ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 Dª. María José Mariño Fontenla R.P. F. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
 Dª. Iria Santodomingo Foulque R.P.F. VIBARCO S.L.	 Dª. Cristina María Cobas Romay R.P.F. TORRE DE HÉRCULES PARTICIPACIONES SOCIETARIAS SL	 D. José Lino Comesaña Calvo R.P.F. CORPORACIÓN EMPRESARIAL DE TENENCIA DE ACTIVOS DE GALICIA S.L.U.
 D. Rosendo Luís Fernández Fernández R.P.F. INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	 D. Fernando Guldrís Iglesias R.P.F. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	 D. Ángel Piñeiro Nogueira Secretario non conselleiro










Significado das siglas R.P.F. : Representante Persoa Física do conselleiro persoa xurídica.



PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.  
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS DE PEMES DO EXERCICIO 2020 E 2019

(DEBE)/HABER	Nota	(Debe) Haber	(Debe) Haber
		2020	2019
1. Importe neto da cifra de negocios	10.2.	822.114,16	424.617,87
2. Variación de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación		0,00	0,00
3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo		0,00	0,00
4. Aproxionamentos		0,00	0,00
5. Outros ingresos de explotación	10.2.	1.002.373,12	1.416.377,85
6. Gastos de persoal	10.2.	-549.520,63	-534.667,24
7. Outros gastos de explotación	10.2.	-1.253.355,72	-1.244.670,09
8. Amortización do inmovilizado	4	-470.755,34	-509.591,62
9. Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro e outras	10.3.	2.648.948,30	539.514,40
10. Excesos de provisións		0,00	0,00
11. Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado	4.3	-2.625.573,73	0,00
12. Outros resultados	10.2.	-10.807,32	2.297,04
<b>A) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)</b>		<b>-436.577,16</b>	<b>93.878,21</b>
13. Ingresos financeiros		45.275,97	59.816,72
a) Imputación de subvencións, doazóns e legados de carácter financ.	10.3.	43.507,74	56.904,71
b) Outros ingresos financeiro		1.768,23	2.912,01
14. Gastos financeiros		-43.507,74	-56.904,71
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros		0,00	0,00
16. Diferenzas de cambio		0,00	0,00
17. Deterioración e resultado por alleamentos de instrumentos financeiros		0,00	5.637,49
18. Outros ingresos e gastos de carácter financeiro		0,00	0,00
<b>B) RESULTADO FINANCEIRO (13+14+15+16 +17+18)</b>		<b>1.768,23</b>	<b>8.549,50</b>
<b>C) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A+B)</b>		<b>-434.808,93</b>	<b>102.427,71</b>
19. Impostos sobre beneficios	8	105.400,85	-25.908,88
<b>D) RESULTADO DO EXERCICIO (C + 19)</b>		<b>-329.408,08</b>	<b>76.518,83</b>

Data de formulación: 29 de marzo de 2021.

 D. Francisco Conde López	 Dª. Patricia Argeroy Vilar R.P.F. ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 Dª. María José Mariño Fontenla R.P. F. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
 Dª. Iria Santodomingo Foulquie R.P.F. VIBARCO S.L.	 Dª. Cristina María Cobas Romay R.P.F. TORRE DE HÉRCULES PARTICIPACIONES SOCIETARIAS SL	 D. José Lino Comesaña Calvo R.P.F. CORPORACIÓN EMPRESARIAL DE TENENCIA DE ACTIVOS DE GALICIA S.L.U.
 D. Rosendo Luís Fernández Fernández R.P.F. INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	 D. Fernando Guldrís Iglesias R.P.F. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	 D. Ángel Piñero Nogueira Secretario non conselleiro

Significado das siglas R.P.F. : Representante Persoa Física do conselleiro persoa xurídica.

## PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, S.A.

### MEMORIA DE PEMES

Correspondente ao exercicio anual rematado ao 31 de decembro de 2020

#### 1. ACTIVIDADE DA EMPRESA.

- 1.1. Constitución – A entidade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., nova denominación social da anterior Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., que se modifica mediante escritura pública o día 9 de xullo de 2012, constituíuse con carácter indefinido o 11 de decembro de 1991.

O seu domicilio social actual encóntrase situado no recinto do Parque Tecnolóxico de Galicia, San Cibrao das Viñas (Ourense).

Figura inscrita no Rexistro Mercantil de Ourense no Tomo 185, Folio 169, Inscripción 1ª, Folla OR 1207 de 15 de maio de 1992.

Ten asignado o CIF número A-32.150.088.


- 1.2. Réxime legal – A Sociedade réxese polos seus estatutos, Código de Comercio, Lei de sociedades de capital e demais disposicións legais aplicables a este tipo de sociedades e tendo en conta o seu carácter de sociedade mercantil pública autonómica.

Tal e como se detalla na nota 7, Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A. é unha sociedade mercantil en cuxo capital social participan maioritariamente as Administracións Públicas ou os seus organismos autónomos ou entidades de dereito público, sendo a Xunta de Galicia o accionista maioritario.

- 1.3. Actividades – O seu obxecto social, modificado mediante escritura pública do 9 de xullo de 2012 consiste en:

**ARTIGO 2º.-** A sociedade terá por obxecto social:

- 1) A promoción, xestión, conservación e mantemento do Parque Tecnolóxico de Galicia e doutros Parques Científicos e/ou Tecnolóxicos ou enclaves tecnolóxicos, así como a prestación de servizos nestes.
- 2) A adquisición, alleamento ou gravame, por calquera título, de todo tipo de bens mobles e inmobles e de accións de sociedades cuxos fins sexan comúns ao Parque Tecnolóxico de Galicia.
- 3) A compravenda de enerxía eléctrica, así como fomentar o desenvolvemento de políticas medioambientais, o uso de enerxías renovables e o aforro enerxético.
- 4) Prestar á Xunta de Galicia e aos organismos ou entidades dependentes, a colaboración e asistencia técnica necesaria para levar a cabo as medidas contidas no Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento ou calquera outros plans.
- 5) Fomentar a innovación e a transferencia de tecnoloxía entre as usuarias do Parque, así como con outras estruturas externas.
- 6) Fomentar a creación de empresas, o crecemento e a internacionalización, así como difundir o papel do Parque como axente de enlace entre investigación e empresa.



- 7) A prestación de servizos e a realización de actividades que contribúan á promoción económica, á innovación, ao desenvolvemento tecnolóxico e á creación de emprego en Galicia.
- 8) Promover, organizar e dirixir o desenvolvemento de todo tipo de actividades dirixidas á divulgación da ciencia, a mellorar a competitividade empresarial e ao desenvolvemento económico e social en xeral.

Actualmente a súa actividade cinguese á realización de actividades relacionadas co seu obxecto social.

1.4. Dada a actividade á que se dedica a Sociedade, non ten responsabilidades, gastos, activos, nin provisións e contingencias de natureza medioambiental que puidesen ser significativos en relación co seu patrimonio, a súa situación financeira e os seus resultados. Por este motivo non se inclúen desagregacións específicas na presente memoria das contas anuais respecto a información de cuestións medioambientais.

## 2. BASES DE PRESENTACIÓN DAS CONTAS ANUAIS

### 2.1 Imaxe fiel

As contas anuais do exercicio 2020 adxuntas formuladas polos Administradores da Sociedade a partir dos rexistros contables da Sociedade ao 31 de decembro de 2020 e nelas aplicáronse os principios contables e criterios de valoración recollidos no Real decreto 1514/2007, polo que se aproba o Plan Xeral de Contabilidade de Pemes e o resto de disposicións legais vixentes na materia contable, e mostran a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade.

Non existen razóns excepcionais polas que, para mostrar a imaxe fiel, non se aplicaron as disposicións legais en materia contable.

As contas anuais adxuntas someteranse á aprobación pola Xunta Xeral de Accionistas, estimándose que serán aprobadas sen modificación ningunha.

As contas anuais do exercicio rematado ao 31 de decembro de 2019 foron aprobadas na Xunta Xeral de Accionistas celebrada o 28 de xullo de 2020.

### 2.2. Principios contables non obrigatorios aplicados

Non aplican principios contables non obrigatorios.

### 2.3. Aspectos críticos da valoración e estimación da incerteza


A Sociedade elaborou os seus estados financeiros baixo o principio de empresa en funcionamento, sen que exista ningún tipo de risco importante que poida supoñer cambios significativos no valor dos activos ou pasivos no exercicio seguinte.

### 2.4. Comparación da información

Estas contas anuais correspondentes ao exercicio 2020 reflicten as cifras comparativas co ano anterior.

A sociedade está obrigada a auditar as contas anuais dos exercicios 2020 e 2019. Ambos están auditados.

### 2.5. Elementos recollidos en varias partidas



As contas anuais non teñen ningunha partida que sexa obxecto de agrupación no balance, na conta de perdas e ganancias e no estado de cambios no patrimonio neto.

## 2.6. Cambios en criterios contables

Non se realizaron no exercicio, axustes ás contas anuais do exercicio 2020 por cambios de criterios contables.

## 2.7. Corrección de erros

Non se realizou no exercicio 2020 ningún axuste consecuencia de erros detectados.

## 2.8. Importancia relativa

Ao determinar a información a desagregar na presente memoria sobre as diferentes partidas dos estados financeiros e outros asuntos, a sociedade, de acordo co Marco Conceptual do Plan Xeral de Contabilidade, tivo en conta a importancia relativa en relación coas contas anuais do exercicio 2020.

# 3. NORMA DE REXISTRO E VALORACIÓN

A continuación, descríbense os principios de contabilidade e criterios de valoración máis significativos aplicados na preparación das contas anuais adxuntas.

## 3.1. Inmovilizado intanxible


O inmovilizado intanxible valórase inicialmente polo seu custo, xa sexa este o prezo de adquisición ou o custo de produción. O custo do inmovilizado intanxible adquirido mediante combinacións de negocios é o seu valor razoable na data de adquisición.

Despois do recoñecemento inicial, o inmovilizado intanxible valórase polo seu custo, menos a amortización acumulada e, se é o caso, o importe acumulado das correccións por deterioración rexistradas.

Os activos intanxibles teñen vida útil definida e polo tanto, amortízanse sistematicamente en función da vida útil estimada destes e do seu valor residual. Os métodos e períodos de amortización aplicados son revisados en cada peche do exercicio e, se procede, axustados de forma prospectiva. Polo menos ao peche do exercicio, aválíase a existencia de indicios de deterioración, nese caso estímense os importes recuperables, efectuándose as correccións valorativas que procedan.

A Sociedade recoñece contablemente calquera perda que puidese producirse no valor rexistrado destes activos con orixe na súa deterioración, utilizándose como contrapartida o epígrafe "Perdas netas por deterioración" da conta de perdas e ganancias. Os criterios para o recoñecemento das perdas por deterioración destes activos e, se é o caso, das repercusións das perdas por deterioración rexistradas en exercicios anteriores son similares aos aplicados para os activos materiais e explícanse posteriormente. No presente exercicio non se recoñeceu "Perdas netas por deterioración" derivadas dos activos intanxibles.

Cando a vida útil destes activos non poida estimarse de maneira fiable amortízanse nun prazo de dez anos, sen prexuízo dos prazos establecidos nas normas particulares sobre o inmovilizado intanxible.



A Sociedade inclúe no custo do inmovilizado intanxible que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción.

En data 13 de decembro de 2018 a Xunta de Galicia resolveu a concesión demanial gratuíta da parcela institucional (1I) do Parque Tecnolóxico de Galicia, sobre a que se atopan os edificios CEI e Tecnópole I, e das parcelas 1H e parte da parcela 2V, onde se atopan as instalacións deportivas. A concesión foi outorgada por un período inicial de 10 anos prorrogable ata un máximo de 75 anos. O obxecto desta é o fomento da innovación, da transferencia tecnolóxica e divulgación científica, o fomento da creación de empresas e o fomento da práctica deportiva. A Dirección da Sociedade considera que esta cesión non suporá a obtención de fluxos positivos de efectivo futuros, motivo polo cal non tivo ningún reflexo contable.

A dotación para amortización do inmovilizado intanxible contabilizada no exercicio 2020 ascendeu a 8.951,89 euros.

### 3.2. Inmovilizado material


Valórase ao seu prezo de adquisición ou ao seu custo de produción que inclúe, ademais do importe facturado despois de deducir calquera desconto ou rebaixa no prezo, todos os gastos adicionais e directamente relacionados que se produzan ata a súa posta en funcionamento, como os gastos de explanación e derribo, transporte, seguros, instalación, montaxe e outros similares. A Sociedade inclúe no custo do inmovilizado material que necesita un período de tempo superior a un ano para estar en condicións de uso, explotación ou venda, os gastos financeiros relacionados co financiamento específico ou xenérico, directamente atribuíble á adquisición, construción ou produción. Forma parte, tamén, do valor do inmovilizado material, a estimación inicial do valor actual das obrigacións asumidas derivadas do desmantelamento o retiro e outras asociadas ao activo, tales como custos de rehabilitación, cando estas obrigacións dan lugar ao rexistro de provisións. Así como a mellor estimación do valor actual do importe continxente, non obstante, os pagos continxentes que dependan de magnitudes relacionadas co desenvolvemento da actividade, contabilizaranse como un gasto na conta de perdas e ganancias a medida en que se incorran.

As cantidades entregadas a conta de adquisicións futuras de bens do inmovilizado material, rexístranse no activo e os axustes que xurdan pola actualización do valor do activo asociado ao anticipo dan lugar ao recoñecemento de ingresos financeiros, conforme se devenguen. Para tal efecto utilízase o tipo de interese incremental do provedor existente no momento inicial, é dicir, o tipo de interese ao que o provedor podería financiarse en condicións equivalentes ás que resultan do importe recibido, que non será obxecto de modificación en posteriores exercicios. Cando se trate de anticipos con vencemento non superior a un ano e cuxo efecto financeiro non sexa significativo, non será necesario levar a cabo ningún tipo de actualización.

A Sociedade non ten compromisos de desmantelamento, retiro ou rehabilitación para os seus bens de activo. Por isto non se contabilizaron nos activos valores para a cobertura de tales obrigacións de futuro.

Rexístrase a perda por deterioración do valor de un elemento do inmovilizado material cando o seu valor neto contable supere o seu importe recuperable, entendendo este como o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso.

Os gastos realizados durante o exercicio con motivo das obras e traballos efectuados pola Sociedade cargaránse nas contas de gastos que correspondan. Os custos de ampliación ou mellora que dan lugar a un aumento da capacidade produtiva ou a un alongamento da vida útil dos bens, son incorporados ao activo como maior valor deste. As contas do inmovilizado material en curso, cárganse polo importe dos ditos gastos, con aboamento á partida de ingresos que recolle os traballos realizados pola Sociedade para si mesma.



A amortización dos elementos do inmovilizado material realízase, dende o momento no que están dispoñibles para a súa posta en funcionamento, de forma lineal durante a súa vida útil estimada estimando un valor residual nulo, en función dos seguintes anos de vida útil:

<u>Descrición</u>	<u>Anos de vida útil</u>	<u>Coefficientes %</u>
Construcións	14-33-50	2-3-7
Outras instalacións e mobiliario	4-5,5-10	10-18-25
Equipos proceso de información	4	25
Outro inmovilizado material	5-5,6-8,3	12-15-18-20

Os arrendamentos clasifícanse como arrendamentos financeiros sempre que das condicións destes se deduza que se transfíren ao arrendatario substancialmente os riscos e beneficios inherentes á propiedade do activo obxecto do contrato. Os demais arrendamentos clasifícanse como arrendamentos operativos.

A sociedade non ten ningún contrato como arrendataria a 31/12/2020.

A Sociedade avalía polo menos ao peche de cada exercicio se existen indicios de perdas por deterioración de valor do seu inmovilizado material, que reduzan o valor recuperable dos ditos activos a un importe inferior ao do seu valor en libros. Se existe calquera indicio, estímase o valor recuperable do activo co obxecto de determinar o alcance da eventual perda por deterioración de valor. En caso de que o activo non xere fluxos de efectivo que sexan independentes doutros activos ou grupos de activos, a Sociedade calcula o valor recuperable da unidade xeradora de efectivo (UGE) á que pertence o activo.

O valor recuperable dos activos é o maior entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o seu valor en uso. A determinación do valor en uso realízase en función dos fluxos de efectivo futuros esperados que se derivarán da utilización do activo, as expectativas sobre posibles variacións no importe ou distribución temporal dos fluxos, o valor temporal do diñeiro, o prezo a satisfacer por soportar a incerteza relacionada co activo e outros factores que os partícipes do mercado considerarían na valoración dos fluxos de efectivo futuros relacionados co activo.


No caso de que o importe recuperable estimado sexa inferior ao valor neto en libros do activo, rexístrase a correspondente perda por deterioración con cargo á conta de perdas e ganancias, reducindo o valor en libros do activo ao seu importe recuperable.

Unha vez recoñecida a corrección valorativa por deterioración ou a súa reversión, axústanse as amortizacións dos exercicios seguintes considerando o novo valor contable.

Malia o anterior, se das circunstancias específicas dos activos se pon de manifesto unha perda de carácter irreversible, esta recoñécese directamente en perdas procedentes do inmovilizado da conta de perdas e ganancias.

No exercicio 2020 a Sociedade non rexistrou perdas por deterioración dos inmovilizados materiais.

A dotación para amortización do inmovilizado material contabilizada no exercicio 2020 ascendeu a 281.771,88 euros.



### 3.3. Investimentos Inmobiliarios

A Sociedade clasifica como investimentos inmobiliarios aqueles activos non correntes que sexan inmobles e que posúe para obter rendas, plusvalías ou ambas, en lugar de para o seu uso na produción ou subministración de bens ou servizos, ou ben para fins administrativos, ou a súa venda no curso ordinario das operacións. Así como aqueles terreos e edificios cuxos usos futuros non estean determinados no momento da súa incorporación ao patrimonio da sociedade.

Para a valoración dos investimentos inmobiliarios utilízanse os criterios do inmovilizado material para os terreos e construcións, sendo os seguintes:

- Os solares sen edificar valóranse polo seu prezo de adquisición máis os gastos de acondicionamento, como peches, movemento de terras, obras de saneamento e drenaxe, os de derribo de construcións cando sexa necesario para poder efectuar obras de nova planta, os gastos de inspección e levantamento de planos cando se efectúan con carácter previo á súa adquisición, así como, a estimación inicial do valor actual das obrigacións presentes derivadas dos custos de rehabilitación do solar.
- As construcións valóranse polo seu prezo de adquisición ou custo de produción incluídas aquelas instalacións e elementos que teñen carácter de permanencia, polas taxas inherentes á construción e os honorarios facultativos do proxecto e dirección de obra.

A sociedade non é arrendataria de terreos nin de edificios.

No exercicio 2020 a Sociedade rexistrou perdas por deterioración dos inmovilizados materiais por importe de 2.625.573,73 euros.

A dotación para amortización dos investimentos inmobiliarios contabilizada no exercicio 2020 ascendeu a 180.031,57 euros.

### 3.4. Permutas


A sociedade non ten realizadas permutas.

### 3.5. Activos financeiros e pasivos financeiros

A sociedade ten rexistrados no capítulo de instrumentos financeiros, aqueles contratos que dan lugar a un activo financeiro nunha empresa e, simultaneamente, a un pasivo financeiro ou a un instrumento de patrimonio noutra empresa. Considéranse, por tanto instrumentos financeiros, os seguintes:

a) Activos financeiros:

- Efectivo e outros activos líquidos equivalentes, rexístrase o efectivo na caixa e bancos;
- Créditos por operacións comerciais: clientes e debedores varios;
- Créditos a terceiros: tales como os préstamos e créditos financeiros concedidos, incluídos os xurdidos da venda de activos non correntes;
- Valores representativos de débeda doutras empresas adquiridos: tales como as obrigacións, bonos e obrigas de pagamento;



- Instrumentos de patrimonio doutras empresas adquiridos: accións, participacións en institucións de investimento colectivo e outros instrumentos de patrimonio;
- Derivados con valoración favorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo, e
- Outros activos financeiros: tales como depósitos en entidades de crédito, anticipos e créditos ao persoal, fianzas e depósitos constituídos, dividendos a cobrar e desembolsos esixidos sobre instrumentos de patrimonio propio.

b) Pasivos financeiros:

- Débitos por operacións comerciais: provedores e acredores varios;
- Débedas con entidades de crédito;
- Obrigacións e outros valores negociables emitidos: tales como bonos e obrigas de pagamento;
- Derivados con valoración desfavorable para a empresa: entre eles, futuros, opcións, permutas financeiras e compravenda de moeda estranxeira a prazo;
- Débedas con características especiais, e
- Outros pasivos financeiros: débedas con terceiros, tales como os préstamos e créditos financeiros recibidos de persoas ou empresas que non sexan entidades de crédito incluídos os xurdidos na compra de activos non correntes, fianzas e depósitos recibidos e desembolsos esixidos por terceiros sobre participacións.

c) Instrumentos de patrimonio propio: todos os instrumentos financeiros que se inclúen dentro dos fondos propios, tal como as accións ordinarias emitidas


### 3.5.1. Investimentos financeiros a longo e curto prazo

Préstamos e contas por cobrar: rexístranse ao seu custo amortizado, correspondendo ao efectivo entregado, menos as devolucións do principal efectuadas, máis os intereses devengados non cobrados no caso dos préstamos, e ao valor actual da contraprestación realizada no caso das contas por cobrar. A Sociedade rexistra as correspondentes deterioracións pola diferenza existente entre o importe a recuperar das contas por cobrar e o valor en libros polo que se encontran rexistradas.

Investimentos mantidos ata o seu vencemento: aqueles valores representativos de débeda, cunha data de vencemento fixada, cobros de contía determinada ou determinable, que se negocien nun mercado activo e que a Sociedade ten intención e capacidade de conservar ata o seu vencemento. Contabilízanse ao seu custo amortizado.

Os investimentos en empresas do grupo, asociadas e multigrupo.

Investimentos dispoñibles para a venda: son o resto de investimentos que non entran dentro das catro categorías anteriores, vindo a corresponder case a súa totalidade aos investimentos financeiros en capital, cun investimento inferior ao 20%. Estes investimentos figuran no balance de situación adxunto polo seu valor razoable cando é posible determinalo de forma fiable. No caso de participacións en sociedades non cotizadas,





normalmente o valor de mercado non é posible determinalo de maneira fiable polo que, cando se dá esta circunstancia, valóranse polo seu custo de adquisición ou por un importe inferior se existe evidencia da súa deterioración.

### 3.5.2. Pasivos financeiros

Os préstamos, obrigacións e similares rexístranse inicialmente polo importe recibido, neto de custos incorridos na transacción. Os gastos financeiros, incluídas as primas pagadeiras na liquidación ou o reembolso e os custos de transacción, contabilízanse na conta de perdas e ganancias segundo o criterio do devengo utilizando o método do interese efectivo. O importe devengado e non liquidado engádesse ao importe en libros do instrumento na medida en que non se liquidan no período en que se producen.

As contas a pagar rexístranse inicialmente ao seu custo de mercado e posteriormente son valoradas ao custo amortizado utilizando o método da taxa de interese efectivo.

### 3.5.3. Investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas

Os investimentos en empresas do grupo, multigrupo e asociadas, valóranse inicialmente polo seu custo, que equivale ao valor razoable da contraprestación entregada máis os custos de transacción.

Polo menos ao peche do exercicio, a Sociedade procede a avaliar se existiu deterioración de valor dos investimentos. As correccións valorativas por deterioración e se é o caso a reversión, lévanse como gasto ou ingreso, respectivamente, na conta de perdas e ganancias.

A corrección por deterioración aplicarase sempre que exista evidencia obxectiva de que o valor en libros dun investimento non será recuperable. Enténdese por valor recuperable, o maior importe entre o seu valor razoable menos os custos de venda e o valor actual dos fluxos de efectivo futuros derivados do investimento, calculados ben mediante a estimación dos que se espera recibir como consecuencia do reparto de dividendos realizados pola empresa participada e do alleamento ou baixa en contas do investimento mesmo, ben mediante a estimación da súa participación nos fluxos de efectivo que se espera que sexan xerados pola empresa participada. Salvo mellor evidencia do importe recuperable, tomarase en consideración o patrimonio neto da Entidade participada corrixido polas plusvalías tácitas existentes na data da valoración.

Os pasivos financeiros e os instrumentos de patrimonio clasifícanse conforme ao contido dos acordos contractuais pactados e tendo en conta o fondo económico. Un instrumento de patrimonio é un contrato que representa unha participación residual no patrimonio do grupo unha vez deducidos todos os seus pasivos.

### 3.6. Existencias

A sociedade non ten existencias.

### 3.7. Transaccións en moeda estranxeira

As operacións realizadas en moeda estranxeira rexístranse na moeda funcional da Sociedade (euros) aos tipos de cambio vixentes no momento da transacción. Durante o exercicio, as diferenzas que se producen entre o tipo de cambio contabilizado e o que se encontra en vigor á data de cobro ou de pago rexístranse como resultados financeiros na conta de resultados.



### 3.8. Impostos sobre beneficios

O gasto por imposto sobre beneficios determínase mediante a suma do gasto por imposto corrente e o imposto diferido. O gasto por imposto corrente determínase aplicando o tipo de gravame vixente á ganancia fiscal, e minorando o resultado así obtido no importe das bonificacións e deducións xerais e aplicadas no exercicio.

Os activos e pasivos por impostos diferidos, proceden das diferenzas temporarias definidas como os importes que se prevén pagadeiros ou recuperables no futuro e que derivan da diferenza entre o valor en libros dos activos e pasivos e a súa base fiscal. Os ditos importes rexístranse aplicando á diferenza temporaria o tipo de gravame ao que se espera recuperalos ou liquidalos.

Os activos por impostos diferidos xorden, igualmente, como consecuencia das bases impositivas negativas pendentes de compensar e dos créditos por deducións fiscais xeradas e non aplicadas.

Recoñécese o correspondente pasivo por impostos diferidos para todas as diferenzas temporarias impositivas, salvo que a diferenza temporaria se derive do recoñecemento inicial dun fondo de comercio ou do recoñecemento inicial nunha transacción que non é unha combinación de negocios doutros activos e pasivos nunha operación que no momento da súa realización, non afecte nin ao resultado fiscal nin contable.

Pola súa parte, os activos por impostos diferidos, identificados con diferenzas temporarias deducibles, só se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vai ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos e non procedan do recoñecemento inicial doutros activos e pasivos nunha operación que non sexa unha combinación de negocios e que non afecta nin ao resultado fiscal nin ao resultado contable. O resto de activos por impostos diferidos (bases impositivas negativas e deducións pendentes de compensar) soamente se recoñecen no caso de que se considere probable que a Sociedade vaia ter no futuro suficientes ganancias fiscais contra as que poder facelos efectivos.

Con ocasión de cada peche contable, revísanse os impostos diferidos rexistrados (tanto activos como pasivos) con obxecto de comprobar que se manteñen vixentes, efectuándose as oportunas correccións a estes, de acordo cos resultados das análises realizadas.

O gasto ou o ingreso por imposto diferido correspóndese co recoñecemento e a cancelación dos pasivos e activos por imposto diferido, así como, se é o caso, polo recoñecemento e imputación á conta de perdas e ganancias do ingreso directamente imputado ao patrimonio neto que poida resultar da contabilización daquelas deducións e outras vantaxes fiscais que teñan a natureza económica de subvención.

### 3.9. Ingresos e gastos

Os ingresos e gastos imputanse en función do criterio do devengo con independencia do momento en que se produce a corrente monetaria ou financeira derivada deles.

Non obstante, a Sociedade unicamente contabiliza os beneficios realizados á data de peche do exercicio, en tanto que os riscos e as perdas previsibles, aínda sendo eventuais, contabilízanse tan pronto son coñecidos.

Os ingresos pola venda de bens ou servizos recoñécense polo valor razoable da contrapartida recibida ou a recibir derivada destes. Os descontos por pronto pago, por volume ou outro tipo de descontos, así como os intereses incorporados ao nominal dos créditos, rexístranse como unha minoración destes. Non obstante a Sociedade inclúe os intereses incorporados aos créditos comerciais con vencemento non superior a un ano que non teñan un tipo de interese contractual, cando o efecto de non actualizar os fluxos de efectivo non é significativo.

Os descontos concedidos a clientes recoñécense no momento en que é probable que se van cumprir as condicións que determinan a súa concesión como unha redución dos ingresos por vendas.

Os anticipos a conta de vendas futuras figuran valorados polo valor recibido.

### 3.10. Provisións e continxencias

As obrigacións existentes á data do balance de situación xurdidas como consecuencia de sucesos pasados dos que poden derivarse prexuízos patrimoniais para a Sociedade cuxo importe e momento de cancelación son indeterminados rexístranse no balance de situación como provisións polo valor actual do importe máis probable que se estima que a Sociedade terá que desembolsar para cancelar a obrigación.

A compensación a recibir dun terceiro no momento de liquidar a obrigación, non supón unha minoración do importe da débeda, sen prexuízo do recoñecemento no activo da Sociedade do correspondente dereito de cobro, sempre que non existan dúbidas de que o dito reembolso será percibido, rexistrándose o dito activo por un importe non superior da obrigación rexistrada contablemente.

Non se rexistraron provisións no exercicio 2020.

### 3.11. Subvencións, doazóns e legados

As subvencións de capital non reintegrables valóranse polo importe concedido, recoñecéndose inicialmente como ingresos directamente imputados ao patrimonio neto e impútase aos resultados en proporción á depreciación experimentada durante o período polos activos financiados polas ditas subvencións, salvo que se trate de activos non depreciables nese caso imputaranse ao resultado do exercicio en que se produza o alleamento ou baixa no inventario destes.

Mentres teñen o carácter de subvencións reintegrables contabilízanse como débedas a longo prazo transformables en subvencións.


Cando as subvencións se concedan para financiar gastos específicos imputaranse como ingresos no exercicio en que se devenguen os gastos que están financiando.

Para todas as subvencións de capital tívose en conta a diferenza temporaria imponible (pasivo corrente do balance) que se produce porque darán lugar a maiores cantidades a pagar ou menores cantidades a devolver por impostos en exercicios futuros.

Tamén se teñen en conta as correspondentes subvencións de tipo de interese orixinadas polo cobro de préstamos recibidos dos que no seu día foron o Ministerio de Ciencia e Innovación e o Ministerio de Industria, Turismo e Comercio durante os anos que van dende o 2007 ata o 2011. Todos estes préstamos teñen un tipo de interese cero, e utilizouse como tipo de interese de mercado o valor do Euribor no mes de cobro do préstamo para calcular o valor razoable da débeda, e por diferenza co importe recibido contabilizouse a correspondente subvención.

### 3.12. Negocios conxuntos

A sociedade non participa en negocios conxuntos.

The image shows several handwritten signatures in blue ink. One signature is on the left, another is a large, complex signature in the center, and there are several smaller signatures on the right side. The signatures appear to be official or personal marks.

### 3.13. Criterios empregados en transaccións entre partes vinculadas

No suposto de existir, as operacións entre empresas do mesmo grupo, con independencia do grao de vinculación, contabilízanse de acordo coas normas xerais. Os elementos obxecto das transaccións que se realicen contabilizaranse no momento inicial polo seu valor razoable. A valoración posterior realízase de acordo co previsto nas normas particulares para as contas que corresponda.


Esta norma de valoración afecta ás partes vinculadas que se explicitan na Norma de elaboración de contas anuais 13ª do Plan Xeral de Contabilidade. Neste sentido:

- a) Entenderase que unha empresa forma parte do grupo cando ambas estean vinculadas por unha relación de control, directa ou indirecta, análoga á prevista no artigo 42 do Código de Comercio, ou cando as empresas estean controladas por calquera medio por unha ou varias persoas xurídicas que actúen conxuntamente ou se atopen baixo dirección única por acordos ou cláusulas estatutarias.
- b) Entenderase que unha empresa é asociada cando, sen que se trate dunha empresa do grupo no sentido sinalado, a empresa ou as persoas físicas dominantes, exerzan sobre esa empresa asociada unha influencia significativa, tal como se desenvolve detidamente na citada Norma de elaboración de contas anuais 13ª.
- c) Unha parte considérase vinculada a outra cando unha delas exerce ou ten a posibilidade de exercer directa ou indirectamente ou en virtude de pactos ou acordos entre accionistas ou partícipes, o control sobre outra ou unha influencia significativa na toma de decisións financeiras e de explotación da outra, tal como se detalla detidamente na Norma de elaboración de contas anuais 13ª.

Considéranse partes vinculadas á Sociedade, adicionalmente ás empresas do grupo, asociadas e multigrupo, as persoas físicas que posúan directa ou indirectamente algunha participación nos dereitos de voto da Sociedade, ou no seu dominante, de maneira que lles permita exercer sobre unha ou outra unha influencia significativa, así como aos seus familiares próximos, ao persoal clave da Sociedade ou do seu dominante (persoas físicas con autoridade e responsabilidade sobre a planificación, dirección e control das actividades da empresa, xa sexa directa ou indirectamente), entre as que se inclúen os Administradores e os Directivos, xunto aos seus familiares próximos, así como ás entidades sobre as que as persoas mencionadas anteriormente poidan exercer unha influencia significativa. Así mesmo teñen a consideración de parte vinculadas as empresas que compartan algún conselleiro ou directivo coa Sociedade, salvo cando este non exerza unha influencia significativa nas políticas financeira e de explotación de ambas, e, se é o caso, os familiares próximos do representante persoa física do Administrador, persoa xurídica, da Sociedade.

### 3.14. Dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro

A sociedade non ten dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro.

The image shows several handwritten signatures in blue ink, arranged in a row. The signatures are stylized and vary in complexity, with some appearing as simple loops and others as more intricate scribbles. They are positioned below the text of section 3.14.

#### 4. INMOBILIZADO INTANXIBLE, MATERIAL E INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

O movemento habido neste capítulo do balance de situación que se achega é o seguinte:

	Inmo bilizado intanxible	Inmo bilizado material	Inversións inmobiliarias	Total
A) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2019	248.491,58	5.624.934,71	10.970.596,61	16.844.022,90
(+) Entradas	31.535,80	79.636,39	0,00	111.172,19
(-) Saídas	0,00	0,00	2.183.187,04	2.183.187,04
B) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2019	280.027,38	5.704.571,10	8.787.409,57	14.772.008,05
C) SALDO INICIAL BRUTO, EJERCICIO 2020	280.027,38	5.704.571,10	8.787.409,57	14.772.008,05
(+) Entradas	9.390,00	43.955,57	6.500,00	59.845,57
(-) Saídas	0,00	0,00	0,00	0,00
D) SALDO FINAL BRUTO, EJERCICIO 2020	289.417,38	5.748.526,67	8.793.909,57	14.831.853,62
E) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2019	248.491,58	4.049.023,95	1077.340,80	5.374.856,33
(+) Dotación á amortización do exercicio 2019	3.291,71	326.482,34	179.817,57	509.591,62
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
F) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2019	251.783,29	4.375.506,29	1257.158,37	5.884.447,95
G) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO INICIAL EJERCICIO 2020	251.783,29	4.375.506,29	1257.158,37	5.884.447,95
(+) Dotación á amortización do exercicio 2020	8.951,89	281.771,88	180.031,57	470.755,34
(+) Aumentos por adquisicións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
H) AMORTIZACIÓN ACUMULADA, SALDO FINAL EJERCICIO 2020	260.735,18	4.657.278,17	1437.189,94	6.355.203,29
I) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EJERCICIO 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
J) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EJERCICIO 2019	0,00	0,00	0,00	0,00
K) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO INICIAL EJERCICIO 2020	0,00	0,00	0,00	0,00
(+) Correccións valorativas por deterioro recoñecidas no período	0,00	0,00	442.386,69	442.386,69
(-) Reversión de correccións valorativas por deterioro	0,00	0,00	0,00	0,00
(-) Disminucións por saídas, baixas, reducións ou traspasos	0,00	0,00	0,00	0,00
L) CORRECCIÓN DE VALOR POR DETERIORO, SALDO FINAL EJERCICIO 2020	0,00	0,00	-442.386,69	-442.386,69
M) VALOR NETO CONTABLE FINAL EJERCICIO 2020	28.682,20	1.091.248,50	6.914.332,94	8.034.263,64

A continuación dáse información adicional sobre os inmovilizados:

#### 4.1. INMOBILIZADO INTANXIBLE

	Saldo ao 1.1.2020	MOVEMENTOS (euros)			Saldo ao 31.12.2020
		Altas	Baixas	Traspasos	
Aplicacións informáticas	280.027,38	9.390,00	0,00	0,00	289.417,38
<b>Total bruto</b>	<b>280.027,38</b>	<b>9.390,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>289.417,38</b>
Amortización acumulada	-251.783,29	-8.951,89	0,00	0,00	-260.735,18
<b>Total Neto</b>	<b>28.244,09</b>	<b>-</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>28.682,20</b>

#### 4.2. INMOBILIZADO MATERIAL

	Saldo ao 1.1.2020	MOVEMENTOS (euros)			Saldo ao 31.12.2020
		Altas	Baixas	Traspasos	
Construcións	530.805,09	0,00	0,00	0,00	530.805,09
Instalacións fotovoltaica C.E.E.R	694.840,39	0,00	0,00	0,00	694.840,39
Aeroxenerador eólico C.E.E.R.	285.000,00	0,00	0,00	0,00	285.000,00
Electrolinera	50.229,11	0,00	0,00	0,00	50.229,11
Outras instalacións	410.935,74	0,00	0,00	0,00	410.935,74
Mobiliario	231.391,92	1.471,50	0,00	0,00	232.863,42
Equipos Proceso Información	778.816,29	5.862,85	0,00	0,00	784.679,14
Outro inmovilizado material	2.390.935,98	34.121,22	0,00	0,00	2.425.057,20
Investimentos en instalacións deportivas	331.616,58	2.500,00	0,00	0,00	334.116,58
<b>Total bruto</b>	<b>5.704.571,10</b>	<b>43.955,57</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>5.748.526,67</b>
Amortización acumulada	-4.375.506,29	-281.771,88	0,00	0,00	-4.657.278,17
<b>Total Neto</b>	<b>1.329.064,81</b>	<b>-</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>1.091.248,50</b>

A sociedade non ten bens en réxime de arrendamento financeiro.

#### 4.3. INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS

	MOVEMENTOS (euros)				Saldo ao 31.12.2020
	Saldo ao 1.1.2020	Altas e dotacións	Baixas	Traspasos	
Investimentos en Terreos e Bens Naturais	4.870.029,14	0,00	-2.183.187,04	0,00	2.686.842,10
Investimentos en construcións	6.100.567,47	6.500,00	0,00	0,00	6.107.067,47
<b>Total bruto</b>	<b>10.970.596,61</b>	<b>6.500,00</b>	<b>-2.183.187,04</b>	<b>0,00</b>	<b>8.793.909,57</b>
Amortización acumulada	-1.257.158,37	-180.031,57	0,00	0,00	-1.437.189,94
Deterioros	-	-442.386,69	-	-	-442.386,69
<b>Total Neto</b>	<b>9.713.438,24</b>	<b>-</b>	<b>-2.183.187,04</b>	<b>0,00</b>	<b>6.914.332,94</b>

Dentro do epígrafe "Investimentos en Terreos e Bens Naturais", a Sociedade rexistra, principalmente, os custes correspondentes á ampliación da superficie do Parque Tecnolóxico acometida en exercicios anteriores. Esta ampliación produciuse en dúas fases. A Fase I xa desenvolta e a Fase II, pendente de desenvolver. Respecto desta 2ª fase, con mor do interese en reactivar a área empresarial e Industrial de San Cibrao das Viñas, a Sociedade está actualmente avaliando a posibilidade de establecer un convenio de colaboración cunha sociedade pública autonómica no que esta asuma a condición de promotor da 2ª Fase da ampliación e Tecnópole reciba a cambio terreos urbanizados, estando na data de formulación destas contas pendente de conclusión.

Neste contexto, solicitouse unha taxación para determinar o valor dos terreos da ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia que están pendentes de urbanizar a 31/12/2020. O informe elaborado pola sociedade de taxación homologada Tinsa deu como resultado un valor moi por debaixo do rexistrado polo seu valor de adquisición, por este motivo contabilizouse esta perda de valor por importe de 2.625.573,73 euros o cal aparece reflexado no epígrafe "Deterioración e resultado por alleamentos do inmovilizado" da conta de perdas e ganancias de pemes adxunta.

Dado que os terreos correspondentes á ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia foron subvencionados nun 83,15%, como consecuencia da deterioración dotada no exercicio dos terreos afectos a Fase II, neste exercicio recoñeceuse un ingreso por importe de 2.183.187,04 euros en concepto de "Imputación de subvencións de inmovilizado non financeiro" en proporción á corrección valorativa citada anteriormente (Véxase Nota 10.3). A parte da corrección valorativa por deterioro financiada con subvencións considerase como irreversible e, polo tanto, rexístrase como baixa do coste do activo.

Para ningunha outra clase dos activos se teñen recoñecidas perdas de valor no resultado do exercicio.

## 5. ACTIVOS FINANZEIROS

A totalidade dos activos financeiros correspóndense coa categoría de Préstamos e partidas a cobrar.

### 5.1. Activos financeiros non correntes

A análise do movemento das contas correctoras do valor, durante o exercicio para cada clase de activos financeiros non correntes é o seguinte:

	Clases de activos financeiros non correntes		
	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	TOTAL
Saldo ao inicio do exercicio 2019	0	5.637,49	5.637,49
(+) Altas	0	0	0
(-) Saídas e reducións	0	-5.637,49	-5.637,49
(+/-) Traspasos e outras variacións	0	0	0
Saldo final do exercicio 2019	0	0	0
(+) Altas	0	0	0
(-) Saídas e reducións	0	0	0
(+/-) Traspasos e outras variacións	0	0	0
Saldo final do exercicio 2020	0	0	0

### 5.2. Correccións de valor orixinadas polo risco de crédito

No exercicio 2019 cancelouse a provisión das 400 accións de Club Ourense Baloncesto, S.A.D. por importe da totalidade do seu valor de adquisición 5.637,49 €. Non se realizan correccións de valor no exercicio 2020 porque segundo os últimos balances facilitados pola sociedade seguen a ter un valor teórico positivo que supera o seu valor de adquisición.

### 5.3. Debedores comerciais non correntes

O importe desta partida do balance correspóndese co cobro aprazado con vencemento superior a un ano pola venda dunha parcela da ampliación do Parque Tecnolóxico de Galicia.

### 5.4. Investimentos financeiros a curto prazo

Non hai investimentos financeiros a curto prazo.

### 5.5. Activos financeiros designados a valor razoable con cambios na conta de perdas e ganancias

Non hai activos financeiros correntes ou non correntes designados a valor razoable.

## 6. PASIVOS FINANZEIROS

### Clasificación dos pasivos financeiros

As clasificacións por vencemento dos pasivos financeiros da Sociedade, sen incluír nin créditos nin débitos que figuran no subgrupo 47 coa Administración Pública, dos importes que venzan en cada un dos seguintes anos ao peche do exercicio e ata o seu último vencemento, detallanse no seguinte cadro:



	Vencemento en anos						TOTAL
	1 (2021)	2 (2022)	3 (2023)	4 (2024)	5 (2025)	Más de 5	
<b>Débedas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>327.632,40</b>	<b>97.582,63</b>	<b>79.624,78</b>	<b>37.945,55</b>	<b>1.360,00</b>	<b>544.145,36</b>
Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras débedas a longo prazo - Préstamos Ministerios	0,00	319.607,40	87.741,63	71.375,28	37.945,55	0,00	516.669,86
Outras débedas a longo prazo - Fianzas	0,00	8.025,00	9.841,00	8.249,50	0,00	1.360,00	27.475,50
<b>Débedas con emp.grupo e asociadas a longo prazo</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>Débedas a curto prazo</b>	<b>428.949,45</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>428.949,45</b>
Débedas con entidades de crédito	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Acredores por arrendamento financeiro	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Outras débedas a curto prazo - préstamos Ministerios	395.235,43	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	395.235,43
Outras débedas a curto prazo - Fianzas e outras	33.714,02	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	33.714,02
<b>Acredores comerciais e outras contas a pagar</b>	<b>80.721,30</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>80.721,30</b>
Provedores	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Provedores, empresas do grupo e asociadas	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Acredores varios	80.721,30	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	80.721,30
Persoal	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Anticipos de clientes	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>Débeda con características especiais</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>
<b>TOTAL</b>	<b>509.670,75</b>	<b>327.632,40</b>	<b>97.582,63</b>	<b>79.624,78</b>	<b>37.945,55</b>	<b>1.360,00</b>	<b>1.053.816,11</b>

Este pasivo a longo prazo desagregase nos seguintes conceptos:

- fianzas recibidas por contratos: 27.475,50 €
- sete préstamos recibidos do Ministerio de Ciencia e Innovación e do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio ao longo dos anos 2007 a 2011 cun saldo total a longo prazo de 516.669,86 €:

No seguinte cadro aparece de forma detallada a composición do saldo do pasivo a longo prazo referente aos préstamos recibidos dos Ministerios:

The image shows several handwritten signatures and initials in blue ink. On the left, there is a large, stylized letter 'R'. To its right, there are several cursive signatures, some of which appear to be initials or names. The signatures are written in a fluid, handwritten style.

Ano de cobro	Importe recibido	Importe amortizado ou devolto	Traspaso a c/p 2020	Saldo en conta subvención 2020	Saldo en conta 479 2020	Saldo pasivo L/P 2020
2007	1.081.214,00	991.112,87	86.582,42	2.639,03	879,68	0,00
2007	1.915.104,20	1.595.920,20	146.129,21	15.256,87	5.085,62	152.712,29
2008	836.565,60	669.252,48	78.166,78	6.210,93	2.070,31	80.865,10
2009	181.176,00	126.823,20	16.363,79	2.660,46	886,82	34.441,72
2010	367.140,00	248.761,31	29.132,60	2.758,79	919,60	85.567,70
2010	153.079,00	89.296,06	11.817,54	2.134,38	711,46	49.119,57
2011	300.000,00	150.000,00	27.043,10	6.745,07	2.248,36	113.963,48
	<b>4.834.278,80</b>	<b>3.871.166,12</b>	<b>395.235,43</b>	<b>38.405,56</b>	<b>12.801,87</b>	<b>516.669,86</b>

De cada préstamo recibido contabilizouse a subvención por xuros (patrimonio neto).

A parte de amortización dos préstamos que corresponde á subvención de intereses vaise traspasando ás correspondentes contas de gastos e ingresos financeiros cando se realiza o pago da cota.

Os préstamos do Ministerio de Ciencia e Innovación cobrados no ano 2007 corresponden a dous anticipos de 1.081.214 e de 1.915.104,20 euros respectivamente, concedidos en base á convocatoria do ano 2006 de axudas para proxectos de I+D realizados en Parques Científicos e Tecnolóxicos. Para ambos préstamos o prazo de amortización é de 15 anos incluíndo 3 anos de carencia e un tipo de xuro do 0%. A data límite da primeira amortización foi o 04/10/2010 no caso do primeiro préstamo, e o 04/10/2011 no caso do segundo préstamo.

O préstamo do Ministerio de Industria cobrado no ano 2008 corresponde a un anticipo de 836.565,60 euros, concedido dentro da convocatoria de 2008 de axudas para actuacións de reindustrialización. O prazo de amortización é de 15 anos incluíndo 5 anos de carencia e un tipo de xuro do 0%. A data límite da primeira amortización foi o 01/10/2013.

O préstamo do Ministerio de Industria cobrado no ano 2009 corresponde a un anticipo de 181.176 €, concedido dentro da convocatoria de 2009 de axudas para actuacións de reindustrialización. O prazo de amortización é de 15 anos incluíndo 5 anos de carencia e un tipo de xuro do 0%. A data límite da primeira amortización foi o 01/10/2014.

Os dous préstamos do Ministerio de Ciencia e Innovación cobrados no ano 2010 corresponden a dous anticipos de 367.140 € e de 153.079 € respectivamente, concedidos en base á convocatoria do ano 2009 de axudas do Subprograma de actuacións científicas e tecnolóxicas en Parques Científicos e Tecnolóxicos (ACTEPARQ), para a realización do proxecto TECMEVA. O prazo de amortización é de 15 anos incluíndo 3 anos de carencia e un tipo de xuro do 0%. A data límite da primeira amortización do primeiro préstamo foi o 31/10/2013 e foi o 31/10/2014 para o segundo préstamo.

O préstamo do Ministerio de Industria cobrado no ano 2011 corresponde a un anticipo de 300.000 €, concedido dentro da convocatoria de 2011 de axudas para actuacións de reindustrialización. O prazo de amortización é de 15 anos incluíndo 5 anos de carencia e un tipo de xuro do 0%. A data límite da primeira amortización foi o 01/10/2016.

Durante o exercicio non se produciu ningún non pagamento polos préstamos, nin se produciu incumprimento ningún contractual que outorgase aos Ministerios o dereito de reclamar o pagamento anticipado dos préstamos.

Non existen débedas con garantía real.

## 7. FONDOS PROPIOS

A sociedade non ten accións propias.

No contexto do dereito do socio recoñecido no artigo 348 bis da Lei de sociedades de capital, infórmase que nos últimos 5 exercicios non se produciu reparto de dividendos por decisión unánime sobre a aplicación de beneficios nos anos que tiveron lugar.

A proposta de distribución do resultado do exercicio 2020 que o Consello de Administración elevará á Xunta Xeral de Accionistas é como segue:

Base de reparto	Importe
Saldo da conta de perdas e ganancias	-329.408,08
Remanente	
Reservas voluntarias	
Outras reservas libre disposición	
<b>Total</b>	<b>-329.408,08</b>

Aplicación	Importe
A reserva legal	
A reserva por fondo de comercio	
A reservas especiais	
A reservas voluntarias	-329.408,08
A dividendos	
A compensación de perdas dos exercicios anteriores	
A outros (remanente)	
<b>Total</b>	<b>-329.408,08</b>

The bottom of the page features several handwritten signatures and initials in blue ink. On the left, there is a downward-pointing arrow above a signature. In the center, there is a large, stylized signature. To the right of this, there is another signature with a long vertical stroke. Further right, there is a signature with a horizontal stroke. On the far right, there are two more signatures, one above the other, with the top one appearing to have the letters 'Ac-' written next to it.

A 31 de decembro de 2020 a composición do accionariado é a seguinte:

Entidade	Nº de accións	Porcentaxe participación	Euros Nominal
Xunta de Galicia	1.518	50,52%	912.333,18
ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.	1.122	37,34%	674.333,22
Instituto Ourenán para o Desenvolvemento (INORDE)	105	3,49%	63.106,05
Universidade de Vigo	54	1,80%	32.454,54
Soc. Xestora de Intereses da Univ. De Santiago de Compostela, S.L.	54	1,80%	32.454,54
Cámara Oficial de Comercio e Industria de Ourense	50	1,66%	30.050,50
Concello de Ourense	50	1,66%	30.050,50
Concello de San Cibrao das Viñas	20	0,67%	12.020,20
Confederación Empresarial de Ourense (C.E.O.)	12	0,40%	7.212,12
Unión Xeral de Traballadores de Galicia (UGT)	10	0,33%	6.010,10
Universidade da Coruña	10	0,33%	6.010,10
	<b>3.005</b>	<b>100%</b>	<b>1.806.035,05</b>

## 8. SITUACIÓN FISCAL

Desagregación do gasto / ingreso por imposto sobre beneficios no exercicio 2020:

	1. Imposto corrente	2. Variación de imposto diferido				3. TOTAL (1+2)
		a) Variación do imposto diferido de activo			b) Variación do imposto diferido de pasivo	
		Diferenzas temporarias	Crédito impositivo por bases impositibles negativas	Outros créditos	Diferenzas temporarias	
<b>Imputación a perdas e ganancias, da cal:</b>	<b>550.992,58</b>	<b>-656.393,43</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>-105.400,85</b>
_ A operacións continuadas	550.992,58	-656.393,43	0,00	0,00	0,00	-105.400,85
_ A operacións interrompidas						
<b>Imputación a patrimonio neto:</b>						

Handwritten signatures and initials in blue ink are present below the table, including a large 'R' and several other scribbles.

Desagregación do gasto / ingreso por imposto sobre beneficios no exercicio 2019:

1. Imposto corrente	2. Variación de imposto diferido				3. TOTAL (1+2)
	a) Variación do imposto diferido de activo			b) Variación do imposto diferido de pasivo	
	Diferenzas temporarias	Crédito impositivo por bases impositibles negativas	Outros créditos	Diferenzas temporarias	
<b>Imputación a perdas e ganancias, da cal:</b>	<b>25.908,88</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>25.908,88</b>
_ A operacións continuadas	25.908,77	0,00	0,00	0,00	25.908,88
_ A operacións interrompidas					
<b>Imputación a patrimonio neto:</b>					

A sociedade ten abertas a inspección as declaracións fiscais dos últimos catro exercicios, máis o imposto de sociedades de 2016. As declaracións non poden considerarse como definitivas ben ata que transcorra o prazo de catro anos ou ben ata a súa inspección e aceptación polas autoridades fiscais, polo que, tendo en conta as diferentes interpretacións da lexislación fiscal vixente, poderían existir continxencias de carácter fiscal susceptibles de reverter en pasivos. Non obstante, os administradores consideran que tales pasivos non terían un efecto significativo sobre as contas anuais no seu conxunto.

A declaración fiscal do IVE do exercicio 2017 presentada no seu día pola sociedade deu como resultado un importe a devolver de 82.748,01 €. Non obstante este importe no foi devolto porque en 2018 foi obxecto dunha inspección fiscal, dando como resultado unha acta de desconformidade dos períodos terceiro e cuarto trimestre de 2017 cunha proposta de regularización con resultado a ingresar de 3.990,41 € de cota máis os xuros de demora correspondentes (esta débeda tributaria foi ingresada en xaneiro de 2019). O 12 de marzo de 2019 foi presentado en prazo reclamación económica administrativa ante o Tribunal Económico Administrativo Rexional de Galicia solicitando a anulación do Acordo de Resolución de Recurso de Reposición, estando na data de formulación destas contas pendente de resolución.

A declaración fiscal do IVE do exercicio 2019 presentada pola sociedade deu como resultado un importe a devolver de 105.363,23 €. Este importe non foi devolto porque en 2020 foi obxecto dunha inspección fiscal, con argumentos similares aos esgrimidos para o exercicio 2017, dando como resultado unha acta de desconformidade cunha proposta de regularización con resultado a devolver de 32.339,35 €. Presentouse en prazo escrito de alegacións, estando na data de formulación destas contas pendente de resolución.

A Dirección da sociedade considera que a reclamación e o documento de alegacións presentados conteñen os fundamentos necesarios para ser estimados favorablemente motivo polo cal non se contabilizou ningunha provisión no exercicio 2019 nin no exercicio 2020.

Handwritten signatures in blue ink, including a large stylized 'R' on the left and several other signatures across the bottom right.

## 9. OPERACIÓNS CON PARTES VINCULADAS

En data 25 de xuño de 2020 asinouse un convenio entre a Axencia Galega de Innovación (GAIN) e PTG, S.A. para a celebración do programa de aceleración da comercialización de solucións innovadoras para a loita contra o impacto da covid-19. Con motivo desta colaboración, GAIN adquiriu un compromiso económico para compensar a PTG, S.A. parte dos custos xerados no desenvolvemento do programa. En total, PTG, S.A. facturou a GAIN 440.511,02 € (máis IVE), sendo este prezo coincidente co custe dos servizos contratados e co custe salarial do persoal propio implicado no programa, na porcentaxe que GAIN se comprometeu a financiar.

Non se considera necesario informar doutras operacións con partes vinculadas porque trátase de operacións que, pertencendo ao tráfico ordinario da empresa, efectúanse en condicións normais de mercado, son de escasa importancia cuantitativa e carecen de relevancia para expresar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da empresa.

A sociedade non ten persoal de alta dirección e os membros do órgano de administración non reciben da sociedade nin soldos, nin axudas de custo, nin remuneracións de calquera clase.

A sociedade non ten adquirida obriga ningunha en materia de pensións nin de pagos de primas de seguros de vida respecto aos membros do Consello de Administración, nin se concederon anticipos de crédito de ningún tipo aos ditos membros.

Nin o presidente, nin os conselleiros, perciben axudas de custo pola asistencia aos Consellos de Administración.

De conformidade co establecido no artigo 229.2 e 229.3 da Lei de sociedades de capital, infórmase que segundo a información que obra en poder desta sociedade, os membros do Consello de Administración non representan unha situación de conflito de intereses en relación coa actividade que constitúe o obxecto social de Parque Tecnolóxico de Galicia S.A.

## 10. OUTRA INFORMACIÓN.

### 10.1. Cadro de Persoal

A distribución por sexos ao peche do exercicio do persoal da sociedade, desagregado nun número suficiente de categorías e niveis é o seguinte:

	Total mulleres	Total homes	Total
	2020	2020	2020
Directivos e xefes de departamento	1	2	3
Técnicos e profesionais científicos e intelectuais e de apoio	5	0	5
Empregados de tipo administrativo	2	1	3
Outros	0	1	1
<b>Total persoal ao termo do exercicio</b>	<b>8</b>	<b>4</b>	<b>12</b>

O cadro de persoal ao peche do exercicio 2020 diminuíu nunha persoa respecto ao cadro de persoal ao peche do exercicio anterior, motivado pola finalización dunha contratación temporal na categoría de técnicos

e cuxo contrato rematou o 31 de decembro de 2019, exceptuando esta incorporación temporal non hai diferenza nin en número nin en categorías do persoal que conforma o cadro de persoal fixo.

## 10.2. Ingresos e gastos

A desagregación das cargas sociais incluídas na partida 6 "Gastos de persoal" da conta de Perdas e Ganancias está formada da seguinte forma:

- Seguros Sociais do persoal da Sociedade por importe de 103.965,24 euros (111.402,23 euros en 2019).
- Outros Gastos Sociais por importe de 2.492,79 euros (888,61 euros en 2019).

Non existen obrigacións contraídas en materia de pensións nin compromisos similares.

A desagregación da partida 7. "Outros gastos de explotación" é como segue:

	2020	2019
Reparacións, conservación e mantemento	224.671,18	226.115,07
Servizos de profesionais independentes	43.306,75	43.301,77
Servizos profesionais Programa Connect-19	426.688,79	
Servizos profesionais Prog. Agrobiotech Innovación		325.960,82
Transportes	322,41	983,93
Primas de seguros	12.130,19	12.774,92
Servizos bancarios e similares	830,21	865,72
Publicidade, propaganda e relacións públicas (inclúe divulgación científica e xornadas empresariais)	39.442,70	32.209,03
Subministracións	200.616,06	209.770,53
Outros servizos: telefonía, internet, seguridade, divulgación científica e cursos	235.526,62	306.820,10
Outros servizos: Programa Agrobiotech Innovación		8.595,28
Outros servizos: xestión instalacións deportivas	28.480,00	41.458,04
Gastos prevención covid-19	12.246,50	
Outros tributos	33.372,89	31.355,56
Perdas deterioro créditos comerciais (neto)	-4.278,58	4.459,32
<b>Total</b>	<b>1.253.355,72</b>	<b>1.244.670,09</b>

O epígrafe 1. "Importe neto da cifra de negocios" corresponde principalmente aos ingresos por servizos e subministracións aos clientes usuarios das instalacións do Parque.

A desagregación da partida 5. "Outros ingresos de explotación" é o seguinte (en euros):

	2020	2019
Subvencións á explotación	738.805,68	1.124.713,91
Ingresos por alugueiros	263.567,44	291.663,94
	<b>1.002.373,12</b>	<b>1.416.377,85</b>

O detalle das subvencións á explotación recibidas pola Sociedade é como segue:

	Euros
Transferencia corrente da Xunta de Galicia (a)	627.518,00
Transferencia Xunta de Galicia para divulgación (b)	82.352,84
Subvención Red EEN Galactea Plus (c)	27.330,21
FECYT: proxecto Ciencia e Tecnoloxía en Feminino (d)	1.604,63
	<b>738.805,68</b>

- (a) Estes ingresos corresponden á transferencia de financiamento do capítulo IV realizada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación, para a xestión corrente da sociedade.
- (b) Estes ingresos corresponden a unha parte transferencia de financiamento do capítulo VII realizada pola Consellería de Economía, Empresa e Innovación destinada ao desenvolvemento de actividades de divulgación científica.
- (c) Subvención europea programa COSME concedida para o proxecto Enterprise Europe Network – Galactea Plus para o período 2020-2021. Os ingresos contabilizados corresponden coa estimación para a anualidade 2020.
- (d) Subvención da FECYT – Fundación Española para a Ciencia e a Tecnoloxía Subvención para a formación con bonificación das cotas da Seguridade Social a través da Fundación Estatal para a Formación no Emprego.

A partida 12. "Outros resultados" de -10.807,32 € correspóndese con 13.205,52 € de gastos excepcionais e 2.398,20 € de ingresos excepcionais.

### 10.3. Subvencións, doazóns e legados

A análise do movemento do contido da subagrupación correspondente do balance, indicando o saldo inicial e final así como os aumentos e diminucións desagreganse no seguinte cadro:

	Movemento Subvencións	Movemento Imp. Diferido
<b>Saldo ao inicio do exercicio</b>	<b>6.846.334,28</b>	<b>2.282.156,07</b>
(+) Subvencións recibidas no exercicio (conta 130)	462.647,16	
(-) Efecto impositivo subv. Recibidas (25% conta 479)	-115.661,79	115.661,79
(-) Imputacións a resultados (conta 746)	-2.692.456,04	
(+) Efecto impositivo imputac. do exercicio (25% conta 479)	673.114,04	-673.114,04
<b>Saldo ao final do exercicio</b>	<b>5.173.977,65</b>	<b>1.724.703,82</b>



As subvencións son as que indicamos a continuación:

	Data concesión	Importe concedido	Saldo ao 31/12/2020	% Subv.	Ben afecto
		------(Euros)-----			
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	13/12/2002	150.092	0,00	100%	Varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	08/03/2004	150.092	1.682,78	100%	Varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	14/02/2005	150.092	-0,01	100%	Varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	12/06/2006	155.345	25.849,77	100%	Varios
FEDER – Proxecto Parque (entidade internacional)	30/12/2005	80.250	0,00	75%	Equipamentos telecomunicación
Xunta – INEGA Subvención para aforro eficiencia enerxética (entidade autonómica)	11/12/2006	12.146	0,47	40%	Cadros de centralización
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	04/04/2007	800.000	339.382,52	100%	Varios
MITYC- Proxecto CEIPAR	06/09/2007	4.457	-11,52	100%	Varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	05/05/2008	1.520.566	760.511,17	100%	Varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	16/04/2009	1.700.000	565.801,54	100%	Terreos
MICINN – Tecmeva (entidade nacional)	30/12/2009	1.213.846	102.915,08	70%	Obra e equipamento
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2010	1.700.000	571.397,22	100%	Terreos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2011	1.093.307,60	352.957,38	100%	Terreos, devolución préstamo e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2012	1.013.101,80	533.544,00	100%	Urbanización, devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2013	1.024.586,00	512.761,83	100%	Urbanización, devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2014	395.000,00	139.990,76	100%	Devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2015	1.048.321,97	145.176,41	100%	Devolución préstamos e Programa Agrobiotech
GAIN - Convenio divulgación	09/07/2015	140.000,00	0	100%	Aulas Tecnópole e Galiciencia
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2016	455.823,70	173.508,38	100%	Devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2017	464.398,42	177.392,41	100%	Devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2018	742.683,23	346.731,81	100%	Devolución préstamos e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2019	900.000,00	182.476,07	100%	Devolución préstamos e Prog. Agrobiotech e varios
Xunta - Convenio anual (entidade autonómica)	01/01/2020	545.000,00	203.504,02	100%	Devolución préstamos, divulgación e varios
MICINN – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	09/01/2007	238.739,32	2.639,05	100%	Xuros a tipo 0%
MICINN – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	29/06/2007	460.267,62	15.256,87	100%	Xuros a tipo 0%
MITYC – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	15/12/2008	104.355,54	6.210,93	100%	Xuros a tipo 0%
MITYC – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	11/08/2009	22.600,40	2.660,46	100%	Xuros a tipo 0%
MICINN – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	29/01/2010	20.839,01	2.758,79	100%	Xuros a tipo 0%
MICINN – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	02/11/2010	10.718,41	2.134,37	100%	Xuros a tipo 0%
MICINN – Subvención xuros préstamo (entidade nacional)	30/08/2011	23.913,74	6.745,09	100%	Xuros a tipo 0%
<b>Totais</b>		<b>16.340.542,76</b>	<b>5.173.977,65</b>		

Handwritten signatures and initials in blue ink, including a large signature on the left and several smaller ones on the right, some with initials like 'btd' and 'd'.

#### 10.4. Debedores

A desagregación deste epígrafe é a seguinte (en euros):

	2020	2019
Cientes	60.251,07	70.242,07
Cientes dubidoso cobro	228.621,70	232.900,28
Organismos públicos debedores	178.788,62	679.884,94
Provisión para insolvencias	-228.621,70	-232.900,28
	<b>239.039,69</b>	<b>750.127,01</b>

O saldo de "Organismos públicos debedores" corresponde á Facenda Pública debedor por impostos.

O movemento das provisión por deterioración de debedores é como segue:

	Clases de activos financeiros correntes		
	Valores representativos de débeda	Créditos, derivados e outros	TOTAL
Saldo ao inicio do exercicio 2019	0	228.440,96	228.440,96
(+) Altas	0	12.053,40	12.053,40
(-) Saídas e reducións	0	-7.594,08	-7.594,08
(+/-) Traspasos e outras variacións	0	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2019	0	232.900,28	232.900,28
(+) Altas	0	7.564,58	7.564,58
(-) Saídas e reducións	0	-11.843,16	-11.843,16
(+/-) Traspasos e outras variacións	0	0,00	0,00
Saldo final do exercicio 2020	0	228.621,70	228.621,70

#### 10.5. Tesourería

Ao 31 de decembro, o seu detalle é como segue:

	2020	2019
Caixa	0,00	0,00
Bancos, contas correntes	2.233.422,37	1.760.210,20
	<b>2.233.422,37</b>	<b>1.760.210,20</b>

Todos os saldos son de libre disposición.


#### 10.6. Remuneracións aos auditores

Os honorarios percibidos polos auditores de contas da sociedade ascenderon a 2.800 euros no exercicio 2020 e 2.800 no exercicio 2019, en ambos exercicios correspóndense unicamente aos gastos pola auditoría das contas.

**10.7. Feitos posteriores ao peche do exercicio.**

A Dirección de Entidade ten analizados os impactos da pandemia da COVID-19 nas diferentes liñas de actividade do Parque, e o seu efecto sobre os correspondentes epígrafes de ingresos e gastos, estimando que non afectará á capacidade de avaliación das presentes contas anuais.

Á data de formulación das presentes contas anuais, non hai ningún feito posterior á data de peche do exercicio 2020 que teña unha importancia relativa significativa e que non se reflicta na conta de Perdas e Ganancias ou no Balance.

The bottom of the page contains several handwritten signatures in blue ink. From left to right, there is a signature that appears to be 'R', a signature that looks like 'R' with a flourish, a signature that is a simple 'f', a signature that is 'J. J.', and a signature that is 'A.' with a large flourish below it.

Lugar e data de formulación das contas anuais:

San Cibrao das Viñas, 29 de marzo de 2021.

 D. Francisco Conde López	 Dª. Patricia Argerey Vilar R.P.F. ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA	 Dª. María José Mariño Fontela R.P. F. AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN
 Dª. Iria Santodomingo Foulquie R.P.F. VIBARCO S.L	 Dª. Cristina María Cobas Romay R.P.F. TORRE DE HÉRCULES PARTICIPACIONES SOCIETARIAS SL	 D. José Lino Comesaña Calvo R.P.F. CORPORACIÓN EMPRESARIAL DE TENENCIA DE ACTIVOS DE GALICIA S.L.U.
 D. Rosendo Luís Fernández Fernández R.P.F. INSTITUTO OURENSÁN DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO	 D. Fernando Guldrís Iglesias R.P.F. INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA	 D. Ángel Piñeiro Nogueira Secretario non conselleiro

Significado das siglas R.P.F. : Representante Persoa Física do conselleiro persoa xurídica.